

# CONSOLIDABIO



## DESCRINCIÓN / OBXECTIVOS

Axudas para o apoio á consolidación das PEMEs do sector biotecnolóxico a través de plans de investimento e innovación que estean aliñados coa Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía de Galicia 2021-2025, a RIS3 de Galicia e en consonancia coa Estratexia Next Generation Galicia



## INTENSIDADE DA AXUDA



**Orzamento do plan de consolidación: Mínimo de 300.000€ e máximo de 1.000.000 €**

Concepto subvencionable	Pequena empresa e microempresa	Mediana empresa
Innovación en materia de procesos e actividades de innovación	50%	50%
Investimento en activos materiais ou inmateriais e/ou adquisición de activos	20%	10%



Primeira anualidade: dende a data de solicitude ata o 30 de novembro de 2022  
Segunda anualidade: dende o 1 de decembro de 2022 ata o 30 de abril de 2023

O pago farase efectivo, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do plan. Poderase solicitar o anticipo do 60% do importe da axuda de cada anualidade



**Dotación orzamentaria da convocatoria: 3.000.000€**



## BENEFICIARIOS

- Microempresas, pequenas e medianas empresas individuais, de acordo coas definicións do Anexo I do Regulamento (UE) número 651/2014
- Domicilio social ou centro de traballo en Galicia, onde deberán desenvolver as actividades para as que solicitan a axuda
- Estar constituídas como máximo nos 13 anos anteriores á data de peche do prazo de presentación de solicitudes da axuda
- Contar con ingresos por facturación nos dous últimos anos.
- Terán produtos innovadores con posibilidades de levar a mercado a curto prazo (TRL 5-8)
- Contar cun número total de empregados ou socios traballadores non inferior a 3



## CONDICIÓN ESPECÍFICAS DA AXUDA

### PLANS DE CONSOLIDACIÓN:

As empresas solicitantes presentarán un plan de investimento e innovación segundo se detalla no Anexo II: Guía para a realización da memoria e do orzamento do plan da convocatoria que permitirá aumentar o nivel de competitividade e viabilidade da empresa, así como consolidar a súa capacidade produtiva e tecnolóxica. Os plans terán unha duración plurianual e as actividades incluídas deberán implicar unha ou varias actividades de investimento e de innovación:

- Bloque A. Investimento produtivo innovador: o orzamento mínimo para este bloque será dun 60% do gasto elixible total do plan presentado
- Bloque B. Innovación: o orzamento máximo para este bloque será dun 40% do gasto elixible total do plan presentado



## CUSTOS SUBVENCIONABLES

### Bloque A.

Investimento produtivo innovador para a creación de establecementos industriais ou melloras e/ou modificacións de liñas de produción para o seu cambio e/ou diversificación a través da biotecnoloxía:

- Adquisición de terreos, ata 10% do investimento
- Obra civil
- Adquisición de inmobles, ata 10% do investimento
- Bens de equipo
- Outros activos fixos
- Activos inmateriais

### Bloque B.

Innovación en procesos e actividades de innovación:

- Persoal de nova contratación con dedicación 100% ao plan
- Custos de material e produtos
- Servizos tecnolóxicos externos
- Adquisición de licenzas de propiedade industrial
- Subcontratacións (ata o 50% do orzamento da liña B)

## OUTRAS ESPECIFICACIÓNS DA CONVOCATORIA

Esta axuda está cofinanciada no marco do eixo REACT EU do programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) de Galicia 2014-2020 como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19

Organismo xestor:

Axencia Galega de Innovación

Tipo de apoio:

Axuda a fondo perdido

Código do procedemento:

IN861A

Data de publicación DOG:

DOG N° 86, 19/05/2022

**Modificación**

DOG N° 127,05/07/2022

Presentación de solicitudes:

Ata 8 de agosto de 2022

Presentación de solicitudes:

sede.xunta.gal

### Máis información



981 957 008  
981 541 076



servizos.gain@xunta.gal



<http://gain.xunta.gal>